



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA O MANTEMENTO DO CENTRO DE ACOLLIDA PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DEPENDENTE DO CONCELLO.

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

No mencionado ámbito material, no artigo 48 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, regúlase a Rede galega de acollemento, indicando que os centros de acollida son recursos especializados, residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero, e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranxa aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia. A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral.

(2) Antecedentes:

Dende hai máis de 10 anos a Xunta de Galicia vén asinando anualmente convenios de colaboración cos concellos de Galicia titulares de centros de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero.

(3) Finalidade Para os efectos sinalados, con data 8 de agosto de 2017 formalizouse co Concello de Culleredo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.



(4) O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e o Concello de Culleredo para o financiamento de gastos correntes derivados do funcionamento do servizo no centro municipal de acollida, que ten como finalidade proporcionar aloxamento, manutención e atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, garantíndolle un espazo de protección e recuperación.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

O Concello de Culleredo é titular dunha vivenda tutelada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero incluída na rede autonómica de centros de atención a mulleres, segundo o disposto na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, tan só existen cinco centros de acollida dependentes de concellos, creados ao abeiro da Orde de 1 de abril de 1997 polo que se regulan os requisitos para a autorización deste tipo de centros. O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por estes centros, levan á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a establecer unha colaboración o máis estreita posible, con cada un dos concellos e as súas casas de acollida.

(6) Aplicación orzamentaria: 05.11.313D.460.0

Contía total: 32.200 €

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

